

“... errante nas selvas, sen industria, sen fala, sen domicilio, sen guerra e sen vencellos, sen ningunha necesidade dos seus semellantes, tanto como sen desexo algún de perxudicalos, quizás sen recoñecer nunca a ningún individualmente, o home salvaxe, sometido a poucas paixóns e bastándose a se mesmo, non tiña máis que os sentimentos e as luces propias de tal estado, que non sentía máis que as súas verdadeiras paixóns, nin miraba máis que aquilo que cría que lle interesaba ver, e que a súa intelixencia non facía máis progresos que a súa vanidade. Se por casualidade facía algún descubrimento, mal podía comunicalo cando non recoñecía sequera aos seus fillos. O arte perecía co inventor; non había alí nin educación nin progreso, as xeracións multiplicábanse inutilmente; e partindo todas sempre do mesmo punto, os séculos transcorrían con toda a grosería das primeiras idades; a especie xa era vella e o home permanecía sendo neno.

Si me estendín tanto tempo no suposto desta condición primitiva é porque, habendo antigos erros e prexuízos inveterados que destruír, crin que debía cavar ate a raíz e amosar, no cadro do verdadeiro estado de natureza, que lonxe está a desigualdade, incluso a natural, de ter nese estado tanta realidade e influencia como pretenden os nosos escritores. En efecto, é fácil ver que entre as diferenzas que distinguen aos homes pasan por naturais moitas que son unicamente obra do hábito e dos diversos xéneros de vida que os homes adoptan na sociedade. (...) si se compara a diversidade prodixiosa de educacións e de xéneros de vida que reina nos diferentes ordes do estado civil coa sinxeleza e uniformidade da vida animal e salvaxe, na que todos se nutren dos mesmos alimentos, viven da mesma maneira e fan exactamente as mesmas cousas, comprenderase canto menor debe ser a diferenza de home a home no estado de natureza que no de sociedade, e canto debe aumentar a desigualdade natural na especie humana pola desigualdade de institución.

(...) Para non prolongar inutilmente estes pormenores, cadaquén debe ver que, ao non formarse os lazos da desigualdade máis que da dependencia mutua dos homes e das necesidades recíprocas que os unen, é imposible escravizar a un home sen telo posto previamente en situación de non prescindir de outro; situación que, por non existir no estado de natureza, deixa a todos libre do xugo e fai vana a lei do máis forte.

Tras ter probado que a desigualdade apenas é sensible no estado de natureza e que a súa influencia é nel case nula, quédame por amosar a súa orixe e os seus progresos nos desenrols sucesivos do espírito humano. (...) fálanme por considerar e cotexar os diferentes azares que puideron perfeccionar a razón humana deteriorando a especie, facer un ser malvado facéndoo sociable, e dun termo tan alonxado traer finalmente ao home e ao mundo ate o punto en que o vemos. (...) Ao descubrir e seguir deste modo as rutas esquecidas e perdidas que do estado de natureza deberon levar ao home ao estado civil, todo lector atento non poderá deixar de sorprenderse ante o espazo inmenso que separa estes dous estados.

(...) Nunha palabra, explicará como ao alterarse insensiblemente a alma e as paixóns humanas, cambian por así dicir de natureza; ao desvanecerse gradualmente o home orixinal, a sociedade non ofrece xa aos ollos do sabio máis que un conxunto de homes artificiais e de paixóns ficticias que son obra de todas estas novas relacións e que non teñen ningún fundamento verdadeiro na natureza. O que a reflexión nos ensina nisto, confírmao completamente a observación: o home salvaxe e o home civilizado difiren tanto polo fondo do corazón e as inclinacións, que o que fai a felicidade suprema de un reduciría ao outro a desesperación. O primeiro non respira senón repouso e liberdade, só quere vivir e permanecer ocioso... Polo contrario, o cidadán, sempre activo, suda, axítase, atorméntase sen cesar en busca de ocupacións aínda máis laboriosas:

traballa ate a morte, cortexa aos grandes que odia e aos ricos que despreza; non escatima nada para obter o honor de servilos...

(...) Tal é en efecto a verdadeira causa de todas estas diferenzas: o salvaxe vive en si mesmo, o home sociable sempre fóra de si non sabe vivir máis que na opinión dos demais e, por así dicir, é tan só do xuízo alleo de onde saca o sentimento da súa propia existencia. Non corresponde ao meu tema mostrar como de semellante disposición nace tanta indiferenza para o ben e para o mal, pese a discursos tan fermosos de moral; como todo ao reducirse ás aparencias, todo convértese en ficticio e finxido: honor, amizade, virtude, e con frecuencia ate os vicios mesmos... en medio de tanta filosofía, humanidade, educación e máximas sublimes, non temos máis que un exterior enganoso e frívolo, honor sen virtude, razón sen sabedoría e pracer sen dicha. Abonda con ter probado que non radica aí o estado orixinal do home e que é unicamente o espírito da sociedade e a desigualdade que ela enxendra os que así cambian e alteran todas as nosas inclinacións naturais.”

Rousseau, Discurso sobre as orixes e os fundamentos da desigualdade entre os homes.

Cuestións texto:

1. Polo que se desprende do título da obra e do propio texto: ¿Cal é o asunto que pretende investigar o autor? ¿A que conclusión chega?
2. Traza unha descrición xeral do estado de natureza en Rousseau.
3. ¿Cales son as principais diferenzas entre o home salvaxe e o home civilizado? Se comparamos aos dous, ¿quen sae mellor parado a ollos de Rousseau? ¿Por que?
4. ¿Que valoración fai o autor da sociedade? ¿Que efecto tivo a vida social sobre a natureza humana? Xustifica a resposta.